

HISTORIAS DEL BUEN VALLE

1692

José Luis Guerin, 2025

ESTREA EN NUMAX: 06.03.2026 | V.O. | 122 min | TODOS OS PÚBLICOS

Na paisaxe indefinida dun barrio periférico, entre o mundo rural e o urbano, coexisten as casas erguidas polos primeiros migrantes que chegaron de toda España tras a posguerra... e os novos bloques e vivendas da cidade dormitorio onde se concentra a nova migración. "Historias del buen valle" é unha suma de imaxinarios, de conflitos sociais, xeracionais e identitarios, urbanísticos e ecolóxicos, pero é tamén unha mirada repousada e humanista sobre o mundo actual.

«Hai unha ollada poética na composición de cada plano e unha posta en escena cargada de información e emocións»

Laura Pérez, FOTOGRAMAS



Entrevista con José Luis Guerin:

«Os protagonistas son persoas moi fráxiles ante as políticas de exclusión que están a se estender no mundo»

Por Isabel Navarro

Que películas ou que referentes alimentan *Historias del buen valle*? A referencia esencial foi o barrio de Vallbona, os seus habitantes. Non quixen impoñer ningún imaxinario cinematográfico persoal por encima do que eles me ían descubrindo.

Máis que citas cinéfilas o que si hai é unha ética da mirada... Aínda que penses distinto que os personaxes, é fundamental non xulgalos. Creo que hoxe no cinema temos a responsabilidade de combater o esquematismo do mundo que propoñen as redes sociais, onde todos son condenas inquisitoriais e reducións a unha soa categoría de cada ser humano. Un ser humano é un pozo sen fondo. As redes sociais tenden a crear mitos ou monstros, a condenar ou enxalzar dunha maneira unívoca e unilateral nunha soa categoría. O cinema ten que restaurar a complexidade, a ambigüidade.

Os personaxes case non opinan. Vémoslos ser e tan só iso xa é fascinante... Si, porque en cinema aqueles diálogos que explican ou informan en lugar de mostrar, acábaos levando o vento. A min interésanme os momentos de vida. Agora ben, iso non quita que na película haxa expresións que xulgo case racistas. E con todo, ese mesmo personaxe que se cadra dixo algo co que disinto profundamente, antes ou despois, ten frases case socráticas ou poéticas.

Son realidades bastantes fragmentadas: os marroquís, os xitanos cos xitanos, os portugueses cos portugueses..., pero todos se encontran no río. Si, o río convértese nun espazo de confluencia. Un río que é un recanto da canle moi humilde, pero que quixen celebrar porque de súpeto representa o mar para uns nenos, ou un río guineano para unhas mulleres africanas, ou un espazo de aventura para outros. É un espazo onde se solapan imaxinarios. E de onde os queren expulsar... Eu sinto que os protagonistas da miña película son persoas moi fráxiles ante as políticas de exclusión que están a se estender en todo o mundo e ante os nacionalismos galopantes. Creo que me saíu a película máis política da miña filmografía sen eu quere-lo. As circunstancias fixeron que mesmo cousas tan simples como que uns amigos se xunten nun bar para cantar xuntos poida percibirse como unha utopía.

Hai algo que sucedese cando os estaba gravando que o sorprendese en especial? Todo. Sempre me sorprendo do que me dan os personaxes. De súpeto entra un can no río e descubro que a miña película vai terminar así. Son cousas moi simples. De súpeto unha persoa está a falar, sopra un vento máximo detrás e dálle un plus de sentido ao que está a contar. Trátase de compoñer con eses azares e darlles o espazo para que as frases graviten coa forza que deben ter.

Que importancia ten o tempo no que está a contar? O tempo é elemento chave, porque todo é efémero. Hai unha realidade que declina e outra nova que nace. A única realidade relativamente estable é a xeográfica. É curioso porque cando no casting eu falaba cos veciños, unha das frases máis recorrentes era a de que chegara tarde, porque consideraban que a historia do barrio, a das loitas predemocráticas xa pasaran, e esas eran as que merecían ser contadas. Con todo, eu entendo o cinema como unha ferramenta para indagar o presente. O propio paso dos trens sempre foi, desde Ozu, unha metáfora do efémero. E esa é tamén unha realidade moi elocuente en Vallbona, o feito de que pasen tantos trens e ningún pare no barrio.